



## **BANDO**

**DONA JOSE LUIS GOMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MORAÑA**

### **FAI SABER:**

Que a Consellería de Política Social e Iguldade, a través da Dirección Xeral de Maiores e atención Sociosanitaria organiza o **PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL”- 2024**, para persoas maiores que, valéndose por si mesmas vivan soas e non teñan con quen pasar estas datas do Nadal.

**DATAS DE CELEBRACIÓN: Do 24 de decembro de 2024 ó 7 de xaneiro de 2025.**

### **REQUISITOS:**

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroado no concello e vivir no seu domicilio.
- Valerse por si mesmo/a e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia.
- Recoméndase estar vacunado/a fronte a COVID-19 e a GRIPE segundo o calendario sanitario vixente.

**As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.**

### **PRAZO DE SOLICITUDE:**

As solicitudes deberán presentarse **antes do 25 DE NOVEMBRO DE 2024** na Oficina Municipal de Servizos Sociais Comunitarios .

As persoas que desexen máis información e facer as correspondentes solicitudes poden dirixirse ás Oficinas Municipais do Servizo Social Comunitario, os días de atención ó público: luns, martes e xoves de 9:30 a 13 :00horas.

**O que se comunica para xeral coñecemento.**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**